



O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico de Funcionamento, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

España, nación plural chea de singularidades, é produto dunha longa historia pero, sobre todo, da libre decisión dos seus cidadáns e da vontade democrática dos pobos que a compoñen.

España é como os españois quixemos que fose cando recobramos a democracia; España é como decidiron os cidadáns dos diferentes territorios, conscientes de que o Estado das Autonomías era a mellor fórmula de artellar unidade e diversidade.

Galicia, como parte desa España, e os galegos e galegas, como titulares dos seus dereitos democráticos, fomos protagonistas dun gran pacto histórico: máis do 90% dos votantes galegos apoiaron a Constitución española no referendo que se celebrou o 6 de decembro de 1978.

Na Constitución española de 1978 recoñécese e garántese o principio de autonomía, así como o principio de solidariedade entre as diversas partes do territorio español. Por iso, nin Galicia, nin os galegos, nin tampouco os concellos debemos permanecer alleos aos intentos de liquidar o pacto constitucional.

O certo é que a declaración secesionista que determinadas formacións políticas queren levar ao Parlamento de Cataluña é un desafío ao marco de convivencia e concordia que representa a nosa Constitución.

A irresponsabilidade, a deslealdade ou o cálculo persoal e partidario non poden estar por riba dun marco de entendemento e convivencia no que soñaron os españois e galegos de antano, no que vivimos os españois e galegos de hoxe, e no que queremos que vivan harmoniosamente os españois e galegos de mañá.

Opoñémonos ás tentativas de dividir, porque así defendemos un legado, un presente e, sobre todo, un futuro que desexamos limpo de tensións e

enfrentamentos. Estamos convencidos de que a unidade en torno á España das Autonomías e á Constitución das liberdades, permitirá superar este momento difícil cunha responsabilidade clara e inequívoca.

Por iso, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao pleno do concello a adoptar os seguintes ACORDOS:


PRIMEIRO: Manifestar a súa firme intención de defender e pór en valor o Estado das Autonomías e os dereitos e liberdades garantidos pola Constitución española.

SEGUNDO: Rexeitar calquera actuación ou declaración que atente contra a unidade de España e poña en risco o actual marco de convivencia e concordia.

TERCEIRO: Instar a todas as Institucións democráticas á defensa do Estado de Dereito e ao cumprimento da legalidade ante calquera actuación que atente contra a indisoluble unidade da nación española.

CUARTO: Comunicar estes acordos á Xunta de Galicia e ao Goberno de España.

Santiago, a 5 de novembro de 2015



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular.